

ACTA DE REUNIÓN da XUNTA DIRECTIVA DA FEDERACIÓN

LUGAR, DATA E HORA DA CONVOCATORIA:

Data:	18/04/2023	Hora:	21:00
Lugar:	https://meet.google.com/tdq-moug-xmw		

PERSOAS ASISTENTES

Nome e apelidos	Cargo	Club	Asiste	Non asiste
Sonia Gómez Naya	Presidenta	Compás	X	
Claudia Oreiro Chapela	Vicepresidenta	Gallaecia	X	
Roberto Amarelle Garabán	Secretario	Compás	X	
Javier Antoñón Clemente	Tesoureiro	Arnela	X	
Pablo A. Aller Estévez	Responsable O-pé	Trevinca	X	
José Cabaleiro Vila	Responsable MTBO	BudiñoRaid		X
Manuel Pedre Vázquez	Responsable Raids	Gallaecia		X
José A. Ricoy Bugarín	Responsable Trail-O	Aromon		X
Jorge Piñeiro Portela	Responsable Direc. Técnica	Ártabros	X	
María Piñeiro Varela	Responsable de Comunic.	Ártabros		X
Candela Puime López	Responsable Deporte Escol.	VigOrienta	X	

ORDE DO DÍA

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior

Apróbase a acta da Xunta Directiva do mes anterior por unanimidade dos presentes.

2. Subención mapas novos. Cartografía

A presidenta indica que nos orzamentos para este ano figura unha cuantía de 2700 euros para a organización de probas. Dentro desta cuantía inclúese as axudas económicas dirixidas a aqueles clubs que desexen elaborar mapas novos que deberán ser utilizados nas carreiras que organicen eses clubs durante as tempadas 2022 e 2023.

Para iso, será necesario publicar na web da FEGADO a nova convocatoria para que os clubs poidan solicitar ditas axudas económicas.

3. Orzamento dietas Campionato de España

A presidenta expón que nas partidas económicas da Federación para este ano existen 6250 euros dirixidos a financiar as inscricións en campiónatos de España, sempre e cando sexan campiónatos de Seleccións Autonómicas. Engade que primeiro se subencionaran todas as inscricións, e logo, no caso de que sobre remanente, este utilizarase para pagar as dietas e a kilometraxe.

4. Subención elite

A presidenta indica que existen 3000 euros destinados a financiar a todos aqueles e aquelas corredores/as que son seleccionados pola Selección española para a realización de adestramentos. Para iso, esperábase ao final da tempada, para coñecer exactamente cantos e cales foron eses corredores/as elite convocados co fin de poder dividir esa cuantía entre eles, para saber canto é a cantidade económica que corresponde a cada un deles.

5. Escolar: Selección CESA e Autonómico

Toma a palabra a presidenta para indicar que este ano se separa o Campionato Escolar do Universitario, e por conseguinte é necesario dividir o orzamento de 1200 euros destinado a esta partida para a organización das dúas probas (600 euros para a organización das dúas probas). Continúa indicando que é necesario sondear entre as familias dos nenos e nenas que participarán no Campionato de España Escolar de Orientación (CESA) que terá lugar en Tarragona do 30 de xuño ao 2 de xullo se a viaxe se fai en avión.

Toma a palabra Jorge Piñeiro para indicar que o día 6 de maio sairá publicada a preselección dos 24 seleccionados/as que poderán participar nese campionato.

Candela pola súa parte será a responsable de preparar os orzamentos e analizar se chega a cuantía económica reservada para tal fin ou se pola contra é necesario complementar esa cuantía con fondos que existen da xa desaparecida AGACO (Asociación Galega de Clubs de Orientación).

Será necesario que estes escolares viaxen acompañados de 4 monitores, a poder ser algúns dos escolares que participaran anteriormente en outros Campionatos CESA.

Pablo Aller propón que dous deses monitores sexan Sonia Gómez e Richie (Ricardo Figueroa).

6. **Curso Xuíz/a Controlador/a de Raid**

Toma a palabra a presidenta para indicar que durante os días 11 e 12 de novembro realizarase á proposta da FEDO o curso de Xuíz/a Controlador/a de Raid en Santiago de Compostela.

Do mesmo xeito a FEDO tamén lle propuxo a opción de facer o curso de Xuíz/a controlador/a de MTBO pero polo de agora aínda non se concretou nada.

7. **Curso técnico 2º de orientación**

A presidenta indica que a FEDO lle propuxo traer para Galicia o Curso de técnico de orientación. Trátase dun curso homologado polo Ministerio de Educación e Ciencia equivalente a un ciclo formativo de grao medio. A presidenta engade que dada a premura coa que se propón a FEGADO non o acepta para este curso 2022/2023 aínda que non o descarta para os vindeiros cursos.

8. **Mesa de traballo Asamblea de decembro sobre o calendario 2024**

A presidenta indica que Fran Varela xa organizou o grupo para comezar a traballar o calendario das probas 2024 para levar á Asamblea de final deste ano.

9. **Rogos e preguntas**

Toma a palabra Pablo Aller para indicar que este ano a Deputación de Ourense permite exista unha organización directa entre o club organizador da Copa da Deputación de Orientación e a propia Deputación. Para iso requírese un certificado que acredite que a FEGADO aproba e delega no club organizador esa actividade.

Finalmente, Jorge Piñeiro indica que é necesario organizar un curso de cartografía xa que hai moitos clubs que llo están solicitando, e tamén indica que vai comezar a traballar na organización dos campamentos de verán.

En sen máis asuntos que tratar, a presidenta da FEGADO dá por finalizada esta Xunta Directiva sendo as 23:05 h do día antes indicado.

SINATURA

Roberto Amarelle Garabán
Secretario da FEGADO

Vº Bº Sonia Gómez Naya
Presidenta da FEGADO

Lugar e data:

VIGO	,	23	de	ABRIL	de	2023
------	---	----	----	-------	----	------